

ÚNETE AO RETO DA ESCOLA PARTICIPATIVA

A acesesibilidade é un dereito, non un privilexio

DOWN

Galicia

Edita

Federación Down Galicia
1ª Edición · 2026

Comisión de Educación de Down Galicia

Federación Down Galicia
Asociación Down Vigo
Asociación Down Pontevedra 'Xuntos'
Asociación 'Teima' Down Ferrol
Asociación Down Lugo
Fundación Down Compostela
Asociación Down Coruña
Asociación Down Ourense

Ilustración e maquetación

Andy Baraja

Coordinación da edición

Xerencia de Down Galicia

Revisión da edición

Departamento de Comunicación de Down Galicia



Material elaborado bajo licencia de Creative Commons permitiendo la reproducción y modificación siempre que sea sin ánimo de lucro y reconociendo la autoría

Financia

**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

Índice

- 1 Introducción
- 2 Identificación e eliminación de barreiras
- 3 O marco da inclusión: deseño universal da aprendizaxe
- 4 Recursos para promover a inclusión
 - 4.1 Metodoloxías e estratexias
 - 4.2 Como elaborar material accesible
 - 4.3 TICs
 - 4.4 Lectura fácil
 - 4.5 Outros recursos
- 5 Preguntas frecuentes do profesorado
- 6 Bibliografía



1. Introducción

A educación inclusiva é un dereito fundamental


E facelo efectivo esixe **garantir** que todas as persoas teñan acceso a un **sistema educativo**:



de
calidade



en igualdade
de oportunidades



que recoñeza o
valor da diferenza



que apoie a
todo o alumnado




O dereito a unha educación inclusiva está avalado pola **Convención Internacional da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade**. No seu artigo 24 recoñece o dereito á educación desde unha perspectiva de dereitos humanos, de acordo co modelo ecolóxico da discapacidade, e cos principios de respecto, non discriminación, participación e inclusión, e igualdade de oportunidades.



Le o artigo




Conceptos clave



1

Cambio de paradigma

O modelo ecolóxico e social



2

O concepto de discapacidade

A interacción entre a persoa e as barreiras existentes na contorna poden impedir a súa participación



3

O modelo de calidade de vida

Benestar emocional, relacións interpersoais, benestar material, desenvolvemento persoal, benestar físico, autodeterminación, inclusión social e dereitos



4

A relevancia da participación social


Estar presente non é suficiente, polo que cada persoa debe ser parte activa nas actividades e nas contornas das que forme parte, contribuíndo e decidindo



5

A importancia dos apoios

Facilitadores para participar, aprender, progresar e conseguir o sentimento de pertenza



6

Individualización VS Personalización

Excluir VS Incluir



7

Sensibilización: pilar fundamental

Permite desmontar mitos e fomentar valores como a empatía, a diversidade e a inclusión



Descarga o PDF

2. Identificación e eliminación de barreiras



Un proxecto educativo comprometido coa inclusión debe identificar todas aquelas posibles barreiras que impiden e/ou dificultan a accesibilidade e participación de todo o alumnado no proceso educativo.



2.1. Barreiras mentais


Debemos ser capaces de ver que **as persoas con discapacidade intelectual**:

Valen polo que son e non polo que parecen.

NON son eternos nenos e nenas



Evitemos



Etiquetar e comparar persoas



Sobreprotexer




Desaproveitar recursos naturais



Crenzas limitantes



Programar seguindo o currículo de cursos inferiores ao actual



Traballar de xeito individual, sen fixar unha liña de actuación conxunta




Potenciemos

Poñer en valor as capacidades e cualidades de cada persoa




Que asuman as responsabilidades que lle corresponden a cada idade



As titorías entre iguais




A confianza nas capacidades



Empregar a programación multinivel, facendo accesible o currículo




A coordinación coas familias e recursos comunitarios



3. O marco da inclusión: deseño universal da aprendizaxe

O Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) é un enfoque baseado na investigación para o deseño do currículo que supón un **cambio total de paradigma educativo**, permitindo a todas as persoas estar, formar parte, participar e progresar en contextos educativos ordinarios e acollendo e respectando a diversidade presente nas aulas.

No DUA identifícanse tres principios –**motivación, representación e acción e expresión**– que establecen o marco do enfoque DUA, construíndo un modelo práctico de intervención nas aulas:



4. Recursos para promover a inclusión e a participación

4.1. Metodoloxías e estratexias

> Aprendizaxe baseada en proxectos


É unha **estratexia metodolóxica de deseño e programación** na que se implementa un conxunto de tarefas baseadas na resolución das preguntas ou problemas (retos).

O alumnado realiza un proceso de investigación e creación no que traballa con un alto nivel de cooperación e que culmina cun produto final que se presenta aos demais.



> Aprendizaxe cooperativa

É unha **metodoloxía inclusiva** baseada no traballo en equipo, que transforma a clase nunha comunidade de aprendizaxe onde todos e todas colaboran para acadar obxectivos comúns. Promove a construción de coñecemento e o desenvolvemento de competencias sociais, tendo como requisitos principais a participación equitativa e a interacción simultánea de todo o grupo.



Máis información sobre aprendizaxe baseada en proxectos




Máis información sobre aprendizaxe cooperativa

> Patios dinámicos

É un **programa e unha ferramenta de Inclusión Social** que fomenta a participación de todo o alumnado no tempo de recreo escolar e que está complementada polos Parques Dinámicos como estratexia de xogo en familia.


Fundaméntase en tres premisas: **xogo libre, inclusión e equidade**.



> Programación multinivel

É unha estratexia educativa inclusiva que permite que cada alumno e alumna encontre actividades acordes ao seu nivel de competencia curricular, e estas lle permitan o progreso e implicación de maneira personalizada. Debemos pensar en avaliacións iniciais dun nivel sinxelo, apto para todo o alumnado, que irán aumentando en complexidade. Desta maneira, a persoa docente vai ollando como os nenos e nenas están desempeñando a tarefa máis sinxela e, á súa vez, van tomando decisións para superar o desafío dos seguintes niveis.

Parte de tres principios clave: **personalización, flexibilidade e inclusión**.



Máis información
sobre patios dinámicos




Máis información
sobre programación
multinivel

4.2. Cómo elaborar material accesible

Unha parte fundamental da intervención educativa está relacionada coa elección, creación e presentación ao noso alumnado dos materiais educativos.

Na práctica docente considérase **adaptación de material** a creación de recursos didácticos específicos adaptados **ás características individuais dun neno ou nena concretos**: materiais adaptados con pictogramas ou subtítulos, elementos manipulativos, apoios visuais, ou ben recursos que non coinciden co “nivel académico” no que o neno ou nena está escolarizada. É fundamental mudar cara unha visión inclusiva, creando e empregando **materiais accesibles** e dispoñibles para todo o alumnado, de xeito que ningunha persoa sexa excluída.



4.3. TICs

As TICs son as **Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación** (tabletas, ordenadores, móbiles e outros dispositivos dixitais) e constitúen un recurso didáctico que complementa os novos paradigmas educativos.

A súa implantación pode aportar numerosas vantaxes, facendo o proceso de aprendizaxe máis dinámico.



4.4. Lectura fácil


A lectura fácil é a **metodoloxía que se utiliza para facilitar o acceso á información** a todas aquelas persoas que teñen unha capacidade de comprensión lectora máis baixa. Non se trata de eliminar información, senón de facela máis comprensible.

Para elaborar textos en lectura fácil, debemos atender ás seguintes normas:

1

Criterios de lexibilidade

(facilidade coa que se pode ler un texto)



2

Criterios de comprensibilidade

(capacidade de que o vocabulario e a estrutura sintáctica fagan comprensible o texto)



Outras recomendacións

Engadir aclaracións se son necesarias, empregar linguaxe positiva, puntuación sinxela, ter coidado coa linguaxe metafórica, etc



4.5. Outros recursos

> Guía de estilo sobre persoas coa síndrome de Down e outras discapacidadeas intelectuais:



Documento que inclúe información de realidades e mitos sobre as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidadeas intelectuais, así como recomendacións xenéricas e concretas de uso da linguaxe.




**Guía de estilo
Down Galicia**



**Vídeo “Como falar sen
excluír nin discriminar”**

> Vídeo “Síndrome de Down – Guía rápida”




Peza audiovisual que explica, a través dunha historia animada e sinxela, a realidade desta alteración cromosómica.



Vídeo “Síndrome de Down – guía rápida”

> Vídeo “Cromoconto: síndrome de Down explicada para nenos e nenas”



Peza audiovisual protagonizada por un cromosoma e unha nena no que se explica, cunha linguaxe sinxela e próxima, que é a síndrome de Down e que significa tela.



**Vídeo “Cromoconto: síndrome de Down explicada
para nenos e nenas**


> Outros vídeos sobre inclusión educativa

Consulta a través da seguinte ligazón todos os vídeos elaborados pola Federación Down Galicia sobre a importancia da inclusión educativa:



**Vídeos sobre
inclusión educativa**

5. Preguntas frecuentes do profesorado



> Dálle unha volta!



Por que non atende?

Por que non se relaciona cos compañeiros/as?

Por que non me contesta?

Por que interrompe constantemente?

Será capaz de seguir o currículo?

Onde o/a situarei dentro da aula?

Freará o desenvolvemento "normal" das clases?

Cantos apoios precisará?

Presentará condutas disruptivas?



Como podo conseguir que as miñas clases capten a atención de todo o alumnado?

Que dinámicas podo seguir para establecer un clima cooperativo e participativo dentro da aula?

Que ferramentas podo empregar para que todo o meu alumnado comprenda o que quero transmitir? Con que ferramentas conta o meu alumnado para poder expresarse?

Que estratexias de xestión de aula podo empregar?

Que metodoloxías podo empregar para garantir o seguimento do currículo e a participación do alumnado?

Como podo organizar o espazo da aula para garantir unha distribución axeitada e facilitar a participación de todos/as? Onde me situarei como mestre/a dinamizadora da clase e persoa de referencia e apoio?


Que é o desenvolvemento "normal" das clases?

Como podo asegurarme de que todo o alumnado recibe os apoios que precisa?

Que ferramentas existen para xestionar condutas desaxustadas que poidan xurdir na miña aula?



> Deseño dunha clase



1

Escolle os contidos






Prioriza o esencial e o complementario



2

Anticipa barreiras (DUA)

Anticípate, detecta obstáculos e necesidades



4

Proba

Implementa, observa, revisa e mellora

3



Procura solucións

Redeseña, desenvolve alternativas e adapta materiais



Descarga o PDF
Deseño dunha clase

> Ferramentas para a inclusión



➤ Organización do espazo



Accesibilidade universal
Cambio de roles
Análisis DUA
Flexibilidade



➤ Desenvolvemento das clases




Ollada inclusiva: flexibilidade, apoios, DUA, metodoloxías activas, TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación), TAC (Tecnoloxías da Aprendizaxe e o Coñecemento), TEP (Tecnoloxía do empoderamento e a participación), traballo en equipo, etc.



➤ Apoios



Deseño desde o respecto e coa persoa
Comunidade educativa = Rede de apoios



➤ Condutas desaxustadas




Apoio condutual positivo
Límites
Normas
Modelado



Descarga o PDF
Ferramentas para
a inclusión

6. Bibliografía



Punto Virtual de
Educación de Down Galicia



Bibliografía e
documentación de referencia



DOWN

Galicia